



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 22 de DECEMBRO de 2022 (1334/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e dous de decembro de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1054).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 16 de decembro de 2022. Deberá incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(1055).- PRÓRROGA DA “CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE XESTIÓN DAS INSCRICIÓNS, CLASIFICACIÓNS E CRONOMETRAXE DO CIRCUÍTO RUNRUNVIGO”. EXPTE. 22144/333.**

Visto o informe xurídico do 9/1272022 e o informe de fiscalización do 14/12/2022, dáse conta do informe-proposta de data 29/11/2022, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

## 1. Antecedentes

a) Con data 03.02.2022, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, aprobou o expediente para a “contratación, mediante procedemento aberto, do SERVIZO DE XESTIÓN DAS INSCRICIÓNS, CLASIFICACIÓNS E CRONOMETRAXE DO CIRCUÍTO RUNRUNVIGO (EXPTE NÚM. 21172-333)” (trámite núm. 140 do expediente 22172-333).

b) A Mesa de Contratación, na sesión celebrada o 17.03.2022, adoptou o acordo de clasificación de ofertas e proposta de adxudicación PARA a “contratación, mediante procedemento aberto, do SERVIZO DE XESTIÓN DAS INSCRICIÓNS, CLASIFICACIÓNS E CRONOMETRAXE DO CIRCUÍTO RUNRUNVIGO (EXPTE NÚM. 21172-333)” (trámite núm. 209 do expediente 22172-333).

c) A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 13.04.2022 adoptou o seguinte acordo (trámite núm. 263 do expediente 22172-333):

*“Adxudicar a TEAM RELAY, S.L. (B-36.963.601) o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuítro RUNRUNVIGO (21.172-333) coas seguintes condicións:*

*a) O orzamento máximo é de 12.358,83 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.144,92 euro, cunha baixa proporcional única do 20 % a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP.*

*b) Propón os seguintes servizos complementarios:*

- Zona de control intermedio complementario en todas as probas*
- Monitor de seguimento de clasificacións na zona de chegada de cada proba cun tamaño mínimo de 55”*
- 5 Mailing masivos de promoción de carreiras pedestres ou eventos en vía pública a celebrar na cidade de Vigo organizados ou con participación municipal non incluídos no programa RunRunVigo.*
- Ampliación do prazo de inscrición de corredores ata 48h previas á celebración do evento nos casos que se solicite*
- Enlace directo no contorno web da empresa ás principais redes sociais dos organizadores de cada unha das probas e do Concello de Vigo*

*c) Propón unha porcentaxe de desconto do 20 (%) a aplicar ao prezo sinalado na cláusula 5 do PPT para o aluguer de chip desbotable ou non reutilizable ás entidades organizadoras de cada unha das probas.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

d) Con data 21.04.2022, procédese á sinatura do contrato coa mercantil TEAM RELAY, S.L. (B-36.963.601), por para a prestación do servizo obxecto da contratación, a partir do 22.04.2022, inclusive, cunha duración ata o 31.12.2022, inclusive, contemplándose tres prórrogas dun ano de duración cada unha (trámite núm. 287 do expediente 22172-333).



## Concello de Vigo

e) A empresa adxudicataria do Servizo, presenta documento número 220281556 de data 14.11.2022, vía Rexistro Xeral do Concello de Vigo, no que manifesta o seu interese en que se proceda a unha 1ª prorroga do expediente de “contratación, mediante procedemento aberto, do SERVIZO DE XESTIÓN DAS INSCRICIÓNS, CLASIFICACIÓNS E CRONOMETRAXE DO CIRCUÍTO RUNRUNVIGO (EXPTÉ NÚM. 21172-333)” (trámite núm. 3 do expediente 22144-333).

### **2. Fundamentos de dereito**

O artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, dispón no seu apartado segundo, que o contrato poderá prever unha o varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prorroga apróbase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza con dous meses de antelación á finalización do prazo de execución do contrato.

No devandito artigo, no seu apartado cuarto, establécese que o prazo de duración nos contratos públicos de servizos será de 5 anos máximo, incluídas todas as súas prórrogas, que en aplicación do apartado segundo dese artigo, acorde o órgano de contratación, con respecto ás condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias que sexan aplicables ao ente contratante.

No PCAP, **cláusula 7. Prazo de execución, punto 3**, recóllese que este contrato poderá ser obxecto de prorroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prorroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses. O apartado 4. C da FEC contempla a posibilidade de tres prórrogas, dun ano de duración cada unha.

### **3. Desenvolvemento do contrato actual:**

A empresa dispón de todos os medios necesarios tanto humanos como técnicos para o desenvolvemento do servizo, obxecto do contrato, e vén prestando o mesmo dun xeito satisfactorio, de acordo cos criterios marcados no PPT.

Na situación actual, resulta necesario propoñer a prorroga do contrato xa que o levantamento das restricións derivadas da pandemia, leva á normalización da programación de eventos deportivos a incluír no calendario.

### **4.Prezo anual do contrato:**

A prezo máximo anual do contrato é de 12.358,83 euros sen IVE, sendo o IVE de 2.144,92 euros.

## 5.Prezo para o período da prórroga

Tendo en conta que a primeira prórroga é por unha anualidade e segundo o indicado no PCAP non procede a revisión de prezos, o prezo do contrato para o período da primeira prórroga sería de 12.358,83 €, IVE incluído (importe base de 10.213,91 € e 2.144,92 en concepto de IVE).

## 6.Financiamento do contrato:

O contrato financiarase con cargo a aplicación orzamentaria 3410.2260901 "Organización de actividades deportivas", coa seguinte distribución por anualidades:

ANUALIDADE	PARTIDA	IMPORTE
2023	3410.226.09.01	12.358,83 €

Posto que o prazo de execución do contrato remata o 31 de decembro de 2022 e constátase a necesidade de garantir o servizo, faise necesario tramitar a 1ª prórroga do expediente de "contratación, mediante procedemento aberto, do SERVIZO DE XESTIÓN DAS INSCRICIÓNS, CLASIFICACIÓNS E CRONOMETRAXE DO CIRCUÍTO RUNRUNVIGO (EXPTE NÚM. 21172-333).

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este tipo de servizos en anos anteriores e, polo tanto, encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.a) "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos".

Polo anteriormente exposto e, conforme establece o art. 127 LBRL e a D. A. 2ª do Real Decreto Lexislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, propónse a **Xunta de Goberno Local** previo informe xurídico e fiscalización pola Intervención Xeral, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

1. **Aprobar a 1ª prórroga** do expediente de "contratación, mediante procedemento aberto, do SERVIZO DE XESTIÓN DAS INSCRICIÓNS, CLASIFICACIÓNS E CRONOMETRAXE DO CIRCUÍTO RUNRUNVIGO (EXPTE NÚM. 21172-333)", por un período de un ano, comprendido entre o 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023, ambos os dous incluídos, conforme ao disposto no prego de cláusulas administrativas na prescrición 7ª, a favor da, empresa TEAM RELAY, S.L. (B36963601).
2. **Aprobar o gasto** de 12.358,83 €, IVE incluído, que representa esta prórroga anual a favor de TEAM RELAY, S.L. (B36963601), con cargo a



## Concello de Vigo

aplicación orzamentaria 3410.2260901 "ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS", coa seguinte distribución por anualidades:

ANUALIDADE	PARTIDA	IMPORTE
2023 (do 01.01.2023 ao 31.12.2023, inclusive)	3410.226.09.01	12.358,83 €

3. **Notificar este acordo ao contratista**, con indicación de que contra o mesmo poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (artigos 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e coincidentes da Lei 29/98).

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(1056).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE PREMIOS EN METÁLICO PARA O CIRCUITO DE CARREIRAS RUNRUNVIGO 2022. EXPTE. 21013/333.**

Visto o informe-xurídico do 13/12/2022 e o informe de fiscalización do 19/12/2022, dáse conta do informe-proposta do 13/12/2022, asinado polo xefe do Servizo de Deportes e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

#### 1.- Antecedentes:

A Concellería de deportes dinamiza e coordina o circuíto de carreiras populares da Cidade de Vigo RUNRUNVIGO. Este programa, que se impulsa como parte do traballo de fomento e difusión do deporte entre a sociedade viguesa, propón a coordinación, promoción e difusión de diferentes probas pedestres que tradicionalmente teñen lugar na cidade de Vigo, co propósito de estimular e fomentar a práctica do deporte popular.

O programa das carreiras populares, que se desenvolve no ámbito da cidade de Vigo, está configurado por 12 tradicionais probas (aínda que se celebraron finalmente 10) dinamizadas por cada unha das entidades organizadoras tal como se detalla:

PROBA
Subida ao Castro
Carreira do Calvario

Carreira popular 10K de Teis
Medio Maratón Vig Bay
HappyGoRunning – Cidade Universitaria
Carreira da Cereixa
Carreira Nocturna Correndo por Vigo
Carreira Nocturna de San Xoán
10 Km. Xorn. Marisqueiras do Berbés
Vigo Contra el Cáncer
Vigo+11
Carreira solidaria Érguete e corre

Entre as actuacións vinculadas co desenvolvemento do circuíto, a Concellería de deportes realiza dúas actuacións básicas. Por unha banda, coordina os resultados de cada unha das probas integradas no circuíto para a definición dunha clasificación xeral de todos os participantes que ven determinada polos resultados obtidos en cada unha das carreiras. Esta clasificación é publicada de maneira regular durante todo o ano, coa finalidade de potenciar a participación nas carreiras ó tempo que a mesma serve para establecer ó final de todo o circuíto os gañadores e primeiros clasificados no “Circuíto de Carreiras RunRunVigo”.

Esta clasificación ten como finalidade tamén que os mellores atletas se sumen á iniciativa e participen no maior número de probas, dando desta forma un impulso á calidade deportiva do “Circuíto”, polo cal dende a Concellería de Deportes se propuxo o outorgamento dun premios en metálico que fundamentalmente teñen un carácter de recoñecemento testimonial e promocional para o propio circuíto.

Para a clasificación final das carreiras celebradas no ámbito do circuíto 2022, cuxa última proba foi celebrada o pasado 16 de decembro de 2022, e unha vez certificados os resultados de todas as probas, propóñense os seguintes premios en metálico, por un importe total de 4.500,00€, que se distribuirán nas seguintes categorías cos seguintes importes, xa que non todos/as os/as primeiros/as clasificados/as cumpriron co requisito de participación mínima establecido no regulamento para ter acceso ó premio en metálico:

Categorías*	1º Clasificado/a	2º Clasificado/a	3º Clasificado/a
M-1	300,00 €	0,0 €	0,0 €
M-2	300,00 €	0,0 €	100,00 €
M-3	300,00 €	200,00 €	0,0 €
M-4	300,00 €	200,00 €	0,0 €
M-5	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-1	300,00 €	200,00 €	0,0 €
F-2	300,00 €	200,00 €	0,0 €
F-3	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-4	300,00 €	0,0 €	0,0 €
F-5	300,00 €	0,0 €	0,0 €



## Concello de Vigo

Tendo en conta que o importe máximo de cada un dos premios non supera en ningún dos casos os 300€, e atendendo ó establecido no Real Decreto-Ley 9/2015, de 10 de xullo, e no Art. 75.3.f. do RD 439/2007, de 30 de marzo polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renda das persoas físicas e se modifica o Regulamento de Plans e Fondos de Pensións aprobado polo RD 304/2004 de 20 de febreiro, que determina que “No existirá obrigación de practicar retención o ingreso a cuenta sobre las rentas siguientes: ....f) Los premios.....cuya base de retención no sea superior a 300€”, non se practicará ningún tipo de retención sobre os importes dos premios.

Os créditos necesarios para este expediente se aplicarán con cargo á aplicación 3410.489.00.01, o cal non perturba o normal funcionamento da execución orzamentario do servizo.

### 2.- Proposta:

Dos resultados parciais de cada unha das probas celebradas foi realizada unha clasificación xeral do “Circuíto de Carreiras RunRunVigo 2022” que se anexa ó presente expediente. Comprobouse que os e as atletas propostos cumpren co establecido no regulamento do circuíto, do que se desprende que os gañadores da proposta de premios en metálico son os seguintes atletas, ós cales lles corresponde os premios en metálico que se indican:

#### Categoría Femenina-2 e Masculina-2:

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
F-2	1ª	8	NAZARETH TILVE COSTAS	361****7S	300,00 €	0,00 €	300,00 €
F-2	2ª	9	CAROLINA OTERO ALONSO	3615****W	200,00 €	0,00 €	200,00 €

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
M-2	1er	8	VÍCTOR H. PACHECO MARTÍNEZ	53112****	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-2	3º	9	MIGUEL MARZOA RUIZ	**1**878J	100,00 €	0,00 €	100,00 €

#### Categoría Femenina-3 e Masculina-3:

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
F-3	1ª	10	MARÍA BELÉN LEMAT CABRAL	3**1**73S	300,00 €	0,00 €	300,00 €

F-3	2ª	10	MARÍA PILAR PRIETO MORAIS	36**0**3M	200,00 €	0,00 €	200,00 €
F-3	3ª	10	JOSEFA CARRERA SOUTELO	355**1**R	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
M-3	1º	8	MANUEL E. ESTÉVEZ GARCÍA	3556**5**	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-3	2º	9	ANTÓN AMOEDO GIMÉNEZ	***9*711Q	200,00 €	0,00 €	200,00 €

#### Categoría Femenina-4 e Masculina-4:

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
F-4	1ª	6	ROSA ÁLVAREZ DOMÍNGUEZ	3**3**20V	300,00 €	0,00 €	300,00 €

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
M-4	1º	8	MANUEL SUÁREZ MARTÍNEZ	36**1**1J	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-4	2º	9	MANUEL PÉREZ PASCUAL	349**3**A	200,00 €	0,00 €	200,00 €

#### Categoría Femenina-5 e Masculina-5:

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
F-5	1ª	10	CARMEN COSTAS RODRÍGUEZ	*6***832J	300,00 €	0,00 €	300,00 €

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
M-5	1º	6	JOSÉ JARDÓN LÓPEZ	10*6***5V	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-5	2º	9	J. ROBERTO REY GONZÁLEZ	345***1*F	200,00 €	0,00 €	200,00 €
M-5	3º	10	CARLOS DOMÍNGUEZ RODRÍGUEZ	360***40*	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Tendo en conta os antecedentes descritos, atendendo á importancia que para a cidade de Vigo ten a continuidade de proxectos de promoción do deporte popular, considerando ademais que a Concellería de Deportes ten entre os seus obxectivos potenciar a actividade deportiva en xeral, e atendendo a que o circuito rematou o pasado día 16 de decembro de 2022 coa celebración da derradeira, plantéase a presente proposta ao obxecto de aprobar os pagos dos importes vinculados ao outorgamento dos premios do “Circuíto de Carreiras RunRunVigo 2022”.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local, que adopte o seguinte acordo:





## Concello de Vigo

### PROPOSTA

1. Dispoñer e comprometer o gasto polo importe de 4.500,00€ destinados a facer fronte ós premios para os e as gañadoras do “Circuíto de Carreiras RunRunVigo 2022” co desglose detallado na táboa adxunta, a aplicación do crédito realizarase a cargo da aplicación orzamentaria 3410.489.00.01.

#### Categoría Femenina-1 e Masculina-1:

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Ret IRPF (19%)	Importe líquido
F-1	1ª	9	ESTHER VALIÑO GÓMEZ	33539922B	300,00 €	0,00 €	300,00 €
F-1	2ª	9	IRENE TÁBOAS CARRERA	34875940M	200,00 €	0,00 €	200,00 €

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Ret IRPF (19%)	Importe líquido
M-1	1º	10	ISMAEL TÁBOAS CARRERA	76905964J	300,00 €	0,00 €	300,00 €

#### Categoría Femenina-2 e Masculina-2:

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
F-2	1ª	8	NAZARETH TILVE COSTAS	36123907S	300,00 €	0,00 €	300,00 €
F-2	2ª	9	CAROLINA OTERO ALONSO	36154093W	200,00 €	0,00 €	200,00 €

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
M-2	1er	8	VÍCTOR H. PACHECO MARTÍNEZ	53112199R	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-2	3º	9	MIGUEL MARZOA RUIZ	36161878J	100,00 €	0,00 €	100,00 €

#### Categoría Femenina-3 e Masculina-3:

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
F-3	1ª	10	MARÍA BELÉN LEMAT CABRAL	35312973S	300,00 €	0,00 €	300,00 €
F-3	2ª	10	MARÍA PILAR PRIETO MORAIS	36080013M	200,00 €	0,00 €	200,00 €
F-3	3ª	10	JOSEFA CARRERA SOUTELO	35554183R	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
M-3	1º	8	MANUEL E. ESTÉVEZ GARCÍA	35564751N	300,00 €	0,00 €	300,00 €

M-3	2º	9	ANTÓN AMOEDO GIMÉNEZ	76991711Q	200,00 €	0,00 €	200,00 €
-----	----	---	----------------------	-----------	----------	--------	----------

**Categoría Femenina-4 e Masculina-4:**

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
F-4	1ª	6	ROSA ÁLVAREZ DOMÍNGUEZ	36035520V	300,00 €	0,00 €	300,00 €

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
M-4	1º	8	MANUEL SUÁREZ MARTÍNEZ	36021831J	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-4	2º	9	MANUEL PÉREZ PASCUAL	34925365A	200,00 €	0,00 €	200,00 €

**Categoría Femenina-5 e Masculina-5:**

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
F-5	1ª	10	CARMEN COSTAS RODRÍGUEZ	76986832J	300,00 €	0,00 €	300,00 €

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
M-5	1º	6	JOSÉ JARDÓN LÓPEZ	10568195V	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-5	2º	9	J. ROBERTO REY GONZÁLEZ	34579012F	200,00 €	0,00 €	200,00 €
M-5	3º	10	CARLOS DOMÍNGUEZ RODRÍGUEZ	36002340A	100,00 €	0,00 €	100,00 €

O pago dos importes correspondentes a cada deportista serán realizados por transferencia bancaria, para o cal os interesados deberán acreditar a titularidade dunha conta bancaria e aceptar o premio.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(1057).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE EMPRESARIAS DE GALICIA PARA PROPORCIONAR A MÁXIMA DIFUSIÓN AOS RESULTADOS DO PROXECTO “VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL” NO VI CONGRESO “ACCIÓN E IMPLICACIÓN” EMPRESARIAS GALICIA. EXPTE. 19698/77.**

Visto o informe de fiscalización do 15/12/2022, dáse conta do informe-proposta de data 25/11/2022, asinado pola xefa de Participación Cidadá e



## Concello de Vigo

Desenvolvemento Local, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### ANTECEDENTES

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 28/10/2022, Dona Susana Pérez Iglesias (DNI: 39.451.055Y), en calidade de presidenta da "ASOCIACIÓN DE EMPRESARIAS DE GALICIA" (CIF: G27826999), achegou escritos (docs. 220269606, 220275892, 220275918 e 220280072), solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para darlle a máxima difusión os excelentes resultados do proxecto "Vigo pola inserción laboral" previsto no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE) dentro do VI Congreso "Acción e Implicación" Empresarias Galicia para próximo día 8 de novembro 2022, mediante unha axuda económica que se concreta no financiamento dos gastos de montaxe, desmonte, equipamento, instalación eléctrica e rotulación dun stand e a difusión en redes sociais e páxina web da Asociación.

II. Segundo a documentación presentada, será a presidenta, Dona Susana Pérez Iglesias, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. A "Asociación de Empresarias de Galicia", seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmete, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:

- Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 02/11/2022.
- Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 07/11/2022.
- Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 02/11/2022.
- Certificado do Concello de Vigo, de data 07/11/2022.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude convenio de colaboración (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

**ORZAMENTO DE GASTOS PUBLICITARIOS (08/11/2022)**

Difusión dos resultados do proxecto “VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL” no VI Congreso “Acción e Implicación” Empresarias Galicia mediante a instalación dun stand informativo	1.800,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>1.800,00 €</b>

<b>ORZAMENTO DE INGRESOS (08/11/2022)</b>	
Subvención Concello de Vigo	1.800,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>1.800,00 €</b>

#### 8. Memoria explicativa do proxecto subvencionado.

IV. En data 04/11/2022 a Tenente de Alcalde e Concelleira de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

V. A “ASOCIACIÓN DE EMPRESARIAS DE GALICIA” (CIF: G27826999) consta inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co nº 1284-16.

VI. A petición do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, expídese certificación de data 07/11/2022 do tesoureiro municipal , acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VII. A xefa do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego asina memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### I. OBXECTO

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención directa á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIAS DE GALICIA (G27826999), que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para subvencionar os gastos de difusión dos resultados do proxecto “Vigo pola inserción laboral” no VI Congreso “Acción e Implicación” Empresarias Galicia.

A asociación Empresarias de Galicia é unha Asociación que actualmente ten representatividade en todo o territorio autonómico e unha sólida traxectoria na procura da igualdade da muller en todos os seus roles ao longo da súa andadura persoal e profesional.

Entre os seus fins e actividades da entidade, encóntranse os seguintes:

- Conseguir a igualdade de oportunidades no acceso ao mundo laboral, eliminando calquera barreira discriminatoria.
- Defender e fomentar a libre iniciativa privada da muller.
- Facilitar o networking entre empresas e fomentar o espírito de colaboración entre as socias e colaboradoras coa finalidade de obter unha mellor actividade empresarial das mulleres.
- Impulsar e axudar á muller emprendedora.
- Impulsar a formación integral da muller desde o punto de vista empresarial e profesional.
- Fomentar o asociacionismo empresarial.



## Concello de Vigo

A situación das mulleres viguesas en canto ao emprego é moito máis precaria que a dos homes. A estas non só aféctalle unha taxa de desemprego máis elevada, senón que outras variables fan efecto nelas, o que aumenta a súa predisposición á vulnerabilidade: peores condicións laborais, soldos máis baixos e menor recoñecemento laboral. Desta maneira, capacitar a mulleres mediante certificacións oficiais, non só implica aumentar as súas posibilidades de acceso ao emprego senón tamén recoñecemento laboral; e participar na formación transversal e complementaria achegaralles un acceso cualitativo mellor, grazas a adquirir competencias sobre os cambios lexislativos, organizativos e estruturais que se están producindo e que están a impregnar o tecido empresarial.

O proxecto “Vigo pola inserción laboral” previsto no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE) de axudas destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables cofinanciado nun 80% polo Fondo Social Europeo (Expte.15311-77) ten entre as súas metas, favorecer a igualdade de xénero e a non discriminación de colectivos desfavorecidos, mediante a implantación dunha serie de medidas específicas de índole afirmativa, inclusiva e de nivelación.

Á súa vez, os axentes sociais máis representativos, UXT, CC.OO., CIG, AJE Vigo, Asociación de EMPRESARIAS de GALICIA e CEP, participaron activamente na planificación do presente proxecto, comprometéndose ao seguinte:

- a) Aconsellar e acreditar o proceso de selección dos beneficiarios.
- b) Apoiar o proceso de execución das prácticas profesionais non laborais, seleccionado e sumando organizacións empresariais onde os beneficiarios poidan executar dita formación.
- c) Servir de asesores naquelas accións nas que polas súas propias circunstancias e competencias así o aconsellen.

Actuando con este proceder búscase dotar de protagonismo aos axentes sociais e dar cumprimento aos compromisos adquiridos e cabida aos mesmos na organización deseño e implantación do presente proxecto.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar nesta colaboración cos axentes sociais participantes no proxecto, establece esta canle de cooperación necesaria coa Asociación de Empresarias de Galicia para subvencionar os gastos de instalación, montaxe e equipamento dun stand informativo do proxecto “Vigo pola inserción laboral” dentro do seu VI Congreso “Acción e Implicación” que se levará a cabo o día 8 de novembro de 2022, con cargo á aplicación orzamentaria 2410 480000 *Programa de axudas ao plan de emprego municipal* prevista nos vixentes orzamentos municipais.

En definitiva, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación dos axentes sociais no proxecto, senón tamén a promovela activamente.

O proxecto “Vigo pola inserción laboral” iniciou a súa andadura no mes de outubro de 2019 e finalizará o 31 de decembro de 2022. A crise sanitaria provocada pola COVID-19, o medo da poboación á asistencia presencial e os contaxios nas clases, coa consecuencia da suspensión das mesmas, fixo que, cumprir os obxectivos marcados no proxecto, fosen practicamente inalcanzables. Aínda así, o éxito do proxecto é indiscutible, dos 315 participantes previstos, alcanzouse unha participación de 303 persoas, dos cales, 231 alumnos acadaron o certificado de profesionalidade.

Este feito non debe pasar desapercibido. O Concello de Vigo participou nos Congresos da Asociación Empresarias de Galicia “Acción e Implicación”, dos anos 2019 e 2021, cando o obxectivo era proporcionar a máxima difusión e coñecemento do proxecto, polo que se considera axeitado dar a coñecer os resultados do proxecto unha vez finalizadas as accións formativas e as xornadas informativas.

Por outra banda, nas Instrucións Xerais para a execución dos proxectos cofinanciados con axudas AP-POEFE do Fondo Social Europeo, destinadas a entidades locais sinalan no punto 2 da I.X. Décimo quinta que a memoria final do proxecto conterá información acerca da participación dos axentes sociais no desenvolvemento do proxecto, especificando o tipo de participación e actividades concretas realizadas, así como, todas aquelas accións de información e comunicación realizadas polo Concello de Vigo para a máxima difusión do proxecto, tanto do seu contido coma dos resultados do mesmo.

A participación no VI Congreso “Acción e Implicación” da Asociación Empresarias de Galicia é unha oportunidade única e excepcional de poder cumprir cos termos indicados na memoria final e cos compromisos mutuos adquiridos coa Asociación Empresarias de Galicia, como axente social, colaborador activo na execución e desenvolvemento do proxecto “Vigo pola inserción laboral”.

Estes e outros motivos, tales como a necesidade de accións de carácter igualitario, a singularidade da entidade beneficiaria na procura da igualdade da muller, a precaria situación das mulleres viguesas en canto ao emprego e a necesidade de capacitalas mediante certificacións oficiais, acreditan o carácter singular desta subvención de interese público e social que dificultan a concorrencia e convocatoria pública.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

## **II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES**

Queda facultado para asinar o citado convenio, Tenente de Alcalde e Concelleira de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, Dña. Elena Espinosa Mangana, ao amparo da Resolución da Alcaldía – Presidencia, de estrutura de goberno e modificación da delegación de competencias nos/as concelleiros/as delegados/as de Área, de data 06 de setembro de 2022.

Doutra parte, asinará o convenio Dona Susana Pérez Iglesias, con DNI 39.451.055Y, en calidade de Presidenta da “Asociación EMPRESARIAS DE GALICIA” (CIF: G27826999), en nome e representación da mesma.

## **III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas reducir a porcentaxe de persoas desempregadas, mediante un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, veciñal e social, entre as que figura, para acadar este obxectivo, a colaboración con asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial de tal xeito que se mellore a contratación de persoas en situación de desemprego, cara a procura de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias a *continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin a *continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b), tal e como ven desenvolvendo a concellería



## Concello de Vigo

de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego nos últimos anos, toda vez que a actividade de fomento de emprego é unha actividade considerada coma prioritaria dentro desta Administración municipal (acordo da XGL do 09/03/2012).

Así mesmo e, en virtude do disposto na Disposición adicional primeira de dita lei, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, corresponde a materias de competencia propias do Concello a promoción e reinserción sociais e a participación na formación de activos e desempregados segundo o previsto nas letras k) e p) do artigo 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, de acordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran as razóns de necesidade e oportunidade, o seu impacto económico e o carácter non contractual da actividade en cuestión.

Os pactos que o convenio incorpora estímense conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

#### **IV. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA**

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.5.2 das Bases de Execución do vixente Orzamento xeral do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (8 de novembro 2022), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen durante o ano 2022, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

#### **V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

O importe do convenio de 1.800,00 € imputaranse con cargo á partida 2410 480000 *Programa de axudas ao plan de emprego municipal*, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral porque os gastos subvencionables obxecto da subvención que se pretende conceder á Asociación de Empresarias de Galicia son gastos de información e publicidade.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

## **VI. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA**

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38.5.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata ós tres días desde a notificación da concesión, debido a imposibilidade de cumprir coas datas previstas nas normas de peche do exercicio orzamentario 2022 para ás subvencións, de xeito que é preciso ampliar o prazo de presentación da xustificación o tempo imprescindible para a súa tramitación xa que a data de rexistro da solicitude de formalización do convenio de colaboración presentouse o 28/10/2022 e o VI congreso Empresarias de Galicia levouse a cabo o 08/11/2022, tratándose dunha excepcional oportunidade para dar a máxima visibilidade e difusión aos excelentes resultados da execución do proxecto "Vigo pola inserción laboral" antes de que remate o proxecto en decembro de 2022.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os





## Concello de Vigo

xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por Internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>

Explicitábase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electronicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

### **VII. PUBLICIDADE**

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 15.3.c) da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención concedida, individualmente considerada, de contía inferior a 3.000 euros. En todo caso, publicarase na páxina web oficial do Concello de Vigo nos termos establecidos na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública Galega.

### **VIII. ÓRGANO COMPETENTE**

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e Resolución da Alcaldía – Presidencia do 17 de agosto de 2020, de estruturación dos servizos corporativos municipais e delegación de competencias xerais, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sra. Tenente de Alcalde e Concelleira de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, nos termos das delegacións de competencias nos/as concelleiros/as delegados/as de Área, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### **ACORDO**

**PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR** o gasto por importe de 1.800,00 € (mil oitocentos euros), con cargo á aplicación orzamentaria nº 2410.480000, denominada *Programa de axudas ao plan de emprego municipal*, incluída no vixente orzamento municipal de 2022.

**SEGUNDO. - APROBAR** o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a “ASOCIACIÓN DE EMPRESARIAS DE GALICIA” (CIF: G27826999), cuxo obxecto é proporcionar a máxima difusión ós resultados do proxecto “Vigo pola inserción laboral”, e coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 1.800,00 € (mil oitocentos euros).

**TERCEIRO.-** Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIAS DE GALICIA PARA PROPORCIONAR A MÁXIMA DIFUSIÓN ÓS RESULTADOS DO PROXECTO “VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL” NO VI CONGRESO “ACCIÓN E IMPLICACIÓN” EMPRESARIAS GALICIA

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil vinte e dous.

#### **REUNIDOS**

Dunha parte, Dna. Elena Espinosa Mangana, na súa calidade de Tenente de Alcalde e Concelleira de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego do Concello de Vigo (CIF: P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, Dna. Susana Pérez Iglesias, en calidade de Presidenta da “Asociación de EMPRESARIAS DE GALICIA” (CIF: G27826999), con domicilio social na Praza de Compostela, 23 – 2º dereita, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta do anexo incorporado ao expte. 19698/77.

E, Dª Susana Gallardo Fariña, secretaria da Administración Municipal, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.



## Concello de Vigo

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

### **MANIFESTAN**

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas reducir a porcentaxe de persoas desempregadas, mediante un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, veciñal e social, entre as que figura, para acadar este obxectivo, a colaboración con asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial de tal xeito que se mellore a contratación de persoas en situación de desemprego, cara a busca de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

Que no marco das políticas activas de emprego, a Concellería de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego asume a tarefa de impulsar o desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador do emprego entre a cidadanía de Vigo; polo que con fundamento no artigo 3.3.b) da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, a competencia administrativa para tramitar o presente procedemento fundaméntase en que non se considerará como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores; como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores para fomento de emprego, actividade prioritaria dentro desta Administración municipal.

II.- A asociación Empresarias de Galicia é unha Asociación que actualmente ten representatividade en todo o territorio autonómico e unha sólida traxectoria na procura da igualdade da muller en todos os seus roles ao longo da súa andadura persoal e profesional. Entre os seus fins e actividades da entidade, encóntranse os seguintes:

- Conseguir a igualdade de oportunidades no acceso ao mundo laboral, eliminando calquera barreira discriminatoria.
- Defender e fomentar a libre iniciativa privada da muller.
- Facilitar o networking entre empresas e fomentar o espírito de colaboración entre as socias e colaboradoras coa finalidade de obter unha mellor actividade empresarial das mulleres.
- Impulsar e axudar á muller emprendedora.
- Impulsar a formación integral da muller desde o punto de vista empresarial e profesional.
- Fomentar o asociacionismo empresarial.

III.- A situación das mulleres viguesas en canto ao emprego é moito máis precaria que a dos homes. A estas non só aféctalle unha taxa de desemprego máis elevada, senón que outras variables fan efecto nelas, o que aumenta a súa predisposición á vulnerabilidade: peores condicións laborais, soldos máis baixos e menor recoñecemento laboral. Desta maneira, capacitar a mulleres mediante certificacións oficiais, non só implica aumentar as súas posibilidades de acceso ao emprego senón tamén recoñecemento laboral; e participar na formación transversal e complementaria achegaralles un acceso cualitativo mellor, grazas a adquirir competencias sobre os cambios legislativos, organizativos e estruturais que se están producindo e que están a impregnar o tecido empresarial.

IV.- O proxecto “Vigo pola inserción laboral” previsto no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE) de axudas destinadas a entidades locais para a inserción das persoas mais vulnerables cofinanciado nun 80% polo Fondo Social Europeo (Expte.15311-77) ten entre as súas metas, favorecer a igualdade de xénero e a non discriminación de colectivos desfavorecidos, mediante a implantación dunha serie de medidas específicas de índole afirmativa, inclusiva e de nivelación.

O proxecto busca dotar de protagonismo aos axentes sociais na organización, deseño e implementación do presente proxecto, tendo presenza activa as entidades máis representativas coma UXT, CC.OO., AJE Vigo, Asociación de EMPRESARIAS de GALICIA e CEP, que participaron na planificación do presente proxecto, comprometéndose ao seguinte:

- a) Aconsellar e acreditar o proceso de selección dos beneficiarios.
- b) Apoiar o proceso de execución das prácticas profesionais non laborais, seleccionando e sumando organizacións empresariais onde os beneficiarios poidan executar dita formación.
- c) Servir de asesores naquelas accións nas que polas súas propias circunstancias e competencias así o aconsellen.

V.- O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar nesta colaboración cos axentes sociais participantes no proxecto e para proporcionarlle a máxima difusión ós resultados do mesmo, establece esta canle de cooperación necesaria coa Asociación de Empresarias de Galicia mediante o financiamento dos gastos de instalación, montaxe e equipamento dun stand informativo do proxecto “Vigo pola inserción laboral” dentro do seu VI Congreso “Acción e Implicación” durante o día 8 de novembro de 2022.

VI.- Así mesmo, cúmprense as medidas de información e comunicación establecidas no proxecto, segundo as cales, o concello de Vigo comprométese a comunicar os obxectivos e fins alcanzados, dar a coñecer os resultados ao público obxectivo e aos medios de comunicación, dando cobertura ao papel financiador xogado por parte do Fondo Social Europeo a través do Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE).

VII.- Que o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo do 2022 inclúe crédito na aplicación orzamentaria 2410 480000 “Programa de axudas ao plan de emprego municipal”, para a concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral



## Concello de Vigo

de subvencións (LXS), no art. 67 do seu regulamento, no art. 19.4.c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.5.2 de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2022, unha subvención directa por razóns do interese público, económico e social do desenvolvemento e cumprimento de obxectivos do proxecto “Vigo pola inserción laboral” para favorecer a igualdade de xénero e a non discriminación de colectivos desfavorecidos da cidadanía.

Entre os motivos que acreditan o carácter singular desta subvención, así como as razóns de interese público e social que dificultan a concorrncia e convocatoria pública, débese indicar o seguinte:

- ✓ a necesidade da mellora de accións de carácter igualitario, inclusivo e nivelador, de cara a favorecer a igualdade de xénero e a non discriminación de colectivos desfavorecidos.
- ✓ a singularidade desta entidade beneficiaria no termo municipal de Vigo na procura da igualdade da muller.
- ✓ a precaria situación das mulleres viguesas en canto ao emprego, e por ende, a necesidade de capacitar as mulleres mediante certificacións oficiais para aumentar as súas posibilidades de acceso ao emprego e o recoñecemento laboral.
- ✓ a participación activa na planificación do proxecto “Vigo pola inserción laboral” da Asociación como un dos axentes sociais máis representativos e principais coñecedores da realidade laboral da cidadanía viguesa.
- ✓ o interese e compromiso de proporcionar a máxima difusión ós resultados do proxecto, dado o éxito de participación e obtención dos certificados de profesionalidade por parte dos alumnos/as nos itinerarios que o compoñen, así como non deixar de por en coñecemento da cidadanía o cofinanciamento dun 80% polo Fondo Social Europeo, imprescindible para levar a cabo estas accións formativas.
- ✓ a especificidade da subvención proposta e a oportunidade de cumprir co obxectivo de comunicar os excelentes resultados obtidos co proxecto aos asistentes ao VI Congreso “Acción e Implicación” Empresarias Galicia.

Neste convenio establécense as condicións e compromisos aplicables, os intervenientes, conclúen ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é proporcionar a máxima difusión ós resultados do proxecto “Vigo pola inserción laboral” no VI Congreso “Acción e Implicación” Empresarias de Galicia mediante a instalación dun stand informativo durante o día 8 de novembro, cuxa contía total, segundo orzamento de gastos achegado, é de 1.800,00 €.

VIII.- Que a entidade “Asociación de EMPRESARIAS de GALICIA” non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte á Seguridade Social, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

IX.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, público, formativo, informativo, reivindicativo e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades

que desenvolve a entidade *Asociación de EMPRESARIAS de GALICIA*, o Concello de Vigo e a beneficiaria conveñen a súa colaboración, nos ámbitos sociocomunitario, cultural, formativo e informativo, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

## PACTOS

**Primeiro.**- A entidade "*Asociación de EMPRESARIAS de GALICIA*" comprométese a colaborar coa concellería de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo as actividades de difusión ós resultados do proxecto "Vigo pola inserción laboral" no VI Congreso "Acción e Implicación" Empresarias de Galicia que fundamenta a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente, a través da presenza destacada dos logotipos oficiais, cuxos modelos estarán a disposición da entidade no servizo de Desenvolvemento Local e emprego, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.

2. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento da actividade.

3. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.

4. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, e nos prazos que establece o convenio, a memoria final xunto á correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio.

5. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

6. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.

7. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

8. Achegar solicitude de reserva en réxime de cesión dos espazos onde se leve a cabo o Congreso.

**Segundo.**- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade "*Asociación de EMPRESARIAS de GALICIA*" unha subvención por importe de 1.800€ (mil oitocentos euros), con cargo a partida orzamentaria nº 2410.480000 denominada "Programa de axudas ao plan de emprego municipal", do vixente orzamento municipal, co obxecto de proporcionar a máxima difusión ós excelentes resultados do



## Concello de Vigo

proxecto “Vigo pola inserción laboral” cofinanciado nun 80% polo FSE, no desenvolvemento do VI Congreso “Acción e Implicación” Empresarias Galicia o día 8 de novembro de 2022.

2. Respetar a estrutura organizativa da “Asociación de Empresarias de Galicia”.
3. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.
2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.
3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.
4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

**Terceiro.-** En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

**Sexto.-** A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Sétimo.-** A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción dos logotipos oficiais do Ministerio de Política Territorial y Función Pública, Fondo Social Europeo, co seu correspondente lema, imaxe corporativa do proxecto “Vigo pola inserción laboral” e logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio.

**Oitavo.-** O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola *Asociación de EMPRESARIAS de GALICIA* mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **30 de novembro de 2022**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego **do trámite en liña** para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por Internet). Require **identificación e sinatura electrónica**, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electronicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de





## Concello de Vigo

identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitud de abono da subvención asinada electronicamente.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas, asinada electronicamente, xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Actuacións realizadas.
5. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
6. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
7. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
8. Acreditar, mediante a inserción en lugar destacado dos logotipos oficiais, a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.

c) Unha memoria económica asinada electronicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.5 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada xustificarse con copias dixitalizadas asinadas dixitalmente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados achegaranse facturas **electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas dixitalmente** que deben cubrir como mínimo, o importe da subvención

concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado ou, no seu caso, recibo de pagamento.

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable asinada electronicamente do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.



## Concello de Vigo

- Cando se xustificuen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipos oficiais do Ministerio de Política Territorial y Función Pública, Fondo Social Europeo, co seu correspondente lema, imaxe corporativa do proxecto “Vigo pola inserción laboral” e logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento as imaxes corporativas.

**Noveno.-** A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES46 2080 0714 88 3040040596 (Abanca).

**Décimo .-** Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Décimo primeiro-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no ano 2022, de acordo co orzamento de custos do proxecto subvencionado achegado pola entidade.

**Décimo segundo.-** A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego. A xefatura do servizo de Desenvolvemento local e emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo terceiro.-** A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego e polo servizo de Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo cuarto.**- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo quinto.**- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

**Décimo sexto.**- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa



## Concello de Vigo

vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)

**Décimo sétimo.**- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

**Décimo oitavo.**- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

**Décimo noveno.**- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (31 de decembro de 2022).

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2022.

### **5(1058).- ENCOMENDA DA REDACCIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DE “MELLORAS NO ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DA PARROQUIA DE TEIS”. EXPTE. 1520/441.**

Dáse conta da proposta de data 19/12/2022, asinada polo técnico de Admón. Xeral, o xefa do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

**I.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período con vixencia de cinco anos, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025.

**II.-** No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro.

No devandito plan figura un apartado denominado “outros investimentos”, que deben ser concretados nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

**III.-** No punto III, relativo aos “Actos administrativos a través dos que se exercitará o control das obras de inversión da entidade concesionaria Aqualia” do devandito Acordo de 8 de marzo de 2013, aprobatorio do procedemento para a execución do plan de inversións, establécese que dende a Área de Fomento proporase á Xunta de Goberno Local a encomenda á entidade concesionaria Aqualia da redacción dos correspondentes proxectos técnicos para a súa inclusión no Plan de Investimentos, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento.

**IV.-** Con data 15 e 16 de decembro de 2022 o Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos municipal e o Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas emitiron informe xustificativo da conveniencia, idoneidade e do carácter prioritario e non aprazable da actuación consistente nas obras de **MELLORAS NO ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DA PARROQUIA DE TEIS**. O devandito informe indica o seguinte:

*“A rede de abastecemento en diversas rúas na parroquia de Teis presenta conducións (de fibrocemento, fundición gris, polietileno) que superaron a súa vida útil, ocasionando problemas en forma de roturas nas tuberías que provocan interrupcións do servizo, danos en bens públicos, así coma pérdidas de auga non rexistrada.*

*Estes problemas increméntanse no tempo en caso de non tomar medidas estruturais, sendo cada vez máis frecuentes as avarías e necesidades de reparación, e os danos derivados das mesmas.*

*Estes problemas téñense detectado en varias rúas da parroquia (calexón Campana, rúa Toural de Adentro, Camiño Trobos, rúa Oliveira, camiño Gondosende, Baixada a Ríos, Travesía Chané, Travesía Guixar...) polo que se considera necesario estudar a renovación das redes de abastecemento naquelas rúas da parroquia nas que se detecten estes problemas, así coma o saneamento naqueles casos nos que o mesmo se atopa en mal estado, xerando posibles filtracións ou afundimentos da calzada.*

*Tendo en conta a situación e as circunstancias expostas, considérase que a actuación de **“MELLORAS NO ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DA PARROQUIA DE TEIS”** é unha actuación necesaria que non debe demorarse.”*

**V.-** A vista deste informe, con data 19 de decembro de 2022 o Concelleiro Delegado da Área de Fomento resolveu iniciar o correspondente expediente para o encargo á Entidade



## Concello de Vigo

Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE da redacción do correspondente proxecto técnico de obras de **“MELLORAS NO ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DA PARROQUIA DE TEIS”**

**VI.-** O proxecto a redactar debera adecuarse ao citado cadro de prezos de unidades de obra, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 22 de marzo de 2013. No caso de unidades de obra que non figuren no mesmo, se deberá adecuar aos prezos xerais de mercado, tal e como se establece no citado Acordo.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### ACORDO

Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE a redacción do proxecto técnico das obras de **“MELLORAS NO ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DA PARROQUIA DE TEIS”**

### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(1059).- PROPOSTA DE INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO CONTRA RESOLUCIÓNS DA DIRECCIÓN DE AUGAS DE GALICIA E RESOLUCIÓN DA XUNTA SUPERIOR DE FACENDA EN RELACIÓN CON LIQUIDACIÓNS PRACTICADAS POR AUGAS DE GALICIA NOS PROCEDEMENTOS DE XESTIÓN RECADATORIA DA TAXA 32.68.00 (ANOS 2015-2016). EXPTE. 686/441.**

Dáse conta do informe-proposta de data 19/12/2022, asinado polo técnico de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Xurídico de Servizo Xerais e conformado polo letrado especialista en Orde Social, Civil, Concentiosa e Mercantil e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**1º.** Con data 29 de xullo de 2022 tiveron entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Vigo as resolucións da Dirección de Augas de Galicia, de 29 de xullo de 2022, polas que se inadmiten os escritos presentados polo concello de Vigo contra as liquidacións practicadas por Augas de Galicia nos procedementos de xestión recadatoria da taxa 32.68.00 —obras hidráulicas de regulación xestionadas pola Administración hidráulica da Comunidade Autónoma de Galicia (canon de regulación)— do primeiro e segundo semestre dos anos 2015 e 2016, nas que se inadmiten os escritos presentados polo concello de Vigo, en relación coas liquidacións arriba indicadas, por considerar os ditos escritos como recursos de reposición extemporáneos.

**2º.** A Xunta de goberno Local, en sesión de 18 de agosto de 2022, acordou interpoñer reclamación económico administrativa ante a Xunta Superior de Facenda da Comunidade

Autónoma de Galicia contra as ditas resolucións da Dirección de Augas de Galicia e solicitar a suspensión do acto impugnado.

**3º.** A reclamación económica administrativa foi presentada o día 22 de agosto de 2022 con fundamento en que: (i) o escrito presentado non se intitula «recurso de reposición» e non é un escrito de interposición de recurso de reposición, senón unha petición de revogación dos devanditos actos de liquidación interpostos en prazo hábil e unha petición de declaración de nulidade de pleno dereito das mesmas liquidacións por infracción do dereito fundamental á tutela xudicial efectiva que proscribe a indefensión do interesado no procedemento; (ii) porque o acto de liquidación do canon, cuxa nulidade e revogación se solicita, infrinxe manifestamente a lei porque a Administración autonómica pretende exaccionar unha taxa de devindicación semestral dende o 2014, a razón de 654.753,03€ ano (contía que pode variar e ser superior), por unhas supostas “obras de regulación” que tería realizado no Encoro de Eiras nos anos 2010 a 2012, que ascenderon a 1.168.290 euros, o que resulta totalmente improcedente, desproporcionado e manifestamente confiscatorio e, ademais, porque Augas de Galicia non ten asumida a explotación, mantemento e conservación do encoro de Eiras, senón que tales tarefas son realizadas polo Concello de Vigo, a través da súa concesionaria do servizo integral de Augas, polo que non concorre o feito impositivo do canon; (iii) que a liquidación infrinxe manifestamente a Lei por imposible determinación do suxeito pasivo; (iv) que a liquidación infrinxe manifestamente a Lei porque de prestarse algún servizo debería aprezarse un suposto de exención; (v) a liquidación infrinxe manifestamente a Lei por incorrecta cuantificación da base liquidable; (vi) porque a liquidación do canon, cuxa nulidade e revogación se solicita practicouse con indefensión do concello de Vigo, pois esta Administración municipal ven solicitando reiteradamente de Augas de Galicia a posta de manifesto da memoria técnico económica que ven servindo de base a exacción da taxa sen que a Administración hidráulica teña dado contestación positiva a tal petición.

**4º.** A Xunta Superior de Facenda da Xunta de Galicia, en resolución de 14 de novembro de 2022, desestimou a reclamación económica administrativa do concello de Vigo por entender que «se ben os escritos non indicaban expresamente que a súa intención era presentar recurso administrativo contra as liquidacións, se se deduce do seu contido, dado que van dirixidos ao órgano que ditou os actos e é o recurso administrativo que cabe contra o acto notificado. A entidade interesada, no escrito de reclamación económica administrativa alega que os escritos eran unha petición de revogación do acto liquidatorio e unha petición de nulidade de pleno dereito das liquidacións, sen embargo, ambos son procedementos especiais de revisión, e dos escritos non se deduce que a intención da interesada fora solicitar que a Administración inicie un procedemento de revogación, nin alega ningún dos supostos recollidos no artigo 217 da LXT que faga presupoñer que a intención era iniciar un procedemento de declaración de nulidade de pleno dereito. En consecuencia, esta XSF considera que a cualificación como recursos de reposicións foi correcta».

**5º.** Tal argumento non pode ser consentido polo concello de Vigo, pois as razóns que se aducen nos escritos presentados por este contra as liquidacións de referencia se basean na indefensión da Administración municipal e na infracción manifesta da Lei en que incorren as liquidacións; indefensión municipal e infraccións manifestas da Lei que nos ditos escritos se razoan pormenorizadamente, sen que sexa preciso argumentar que as consecuencias da indefensión municipal e das infraccións legais aducidas deben conducir a nulidade de pleno dereito e a revogación das liquidacións practicadas, pois son estas as consecuencias xurídicas que a Lei anuda a tales infraccións legais invocadas nuns escritos do concello de





## Concello de Vigo

Vigo que —insistimos— non se intitulan de recurso de reposición precisamente porque se presentan no prazo fixado para este.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 127.1. h) e j) LRBRL a adopción do seguinte

### ACORDO

**Primeiro.-** Interpoñer recurso contencioso-administrativo contra a resolución da Xunta Superior de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, de data 14 de novembro de 2022, desestimatoria das reclamacións económico administrativas interpostas polo concello de Vigo contra as resolucións da Dirección de Augas de Galicia, de 29 de xullo de 2022, polas que se inadmiten os escritos presentados polo concello de Vigo contra as liquidacións practicadas por Augas de Galicia nos procedementos de xestión recadatoria da taxa 32.68.00 —obras hidráulicas de regulación xestionadas pola administración hidráulica da comunidade autónoma de Galicia (canon de regulación)— do primeiro e segundo semestre dos anos 2015 e 2016 e contra estas mesmas resolucións.

**Segundo.-** Solicitar a suspensión dos actos impugnados.

**Terceiro.-** Comuníquese á Axencia Tributaria de Galicia a solicitude na vía xurisdiccional da suspensión das resolucións cuxa impugnación aquí se acorda

### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Proxecto de convenio de colaboración coa Excm. Deputación Provincial de Pontevedra para o desenvolvemento do proxecto "ruta Laxeiro en Vigo". Expte. 27861/332.
- .- Segundo outorgamento das "Axudas municipais á creación de empresas-2022". Expte. 18961/77.
- .- Proxecto de convenio de colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra para a execución dun plan de mellora da mobilidade urbana coa renovación da capa de rodadura en distintas vías municipais en zona rural das parroquias do Concello de Vigo. Expte. 1514/441.

- .- Participación do Concello de Vigo á segunda convocatoria de axudas para a realización de accións destinadas á promoción de estilos de vida saudable a través da creación o rehabilitación de contornas saudables no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Expte 1517/441.
- .- Participación do Concello de Vigo á convocatoria de subvencións da fundación biodiversidade F.S.P., para o fomento de actuacións dirixidas á renaturalización e resiliencia de cidades españolas correspondente o ano 2022 no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - financiado pola Unión Europea – NEXT GENERATION EU. Expte 1518/441.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**7(1060).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO "RUTA LAXEIRO EN VIGO". EXPTE. 27861/332.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 20/12/2022, dáse conta do informe-proposta de data 19/12/2022, asinado pola xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

I.- O concelleiro delegado de Educación en data 15 de decembro de 2022 asinou a orde de inicio do expediente para tramitar o presente convenio.

II.- A este expediente incorporase a seguinte documentación:

- Memoria xustificativa de data 15 de decembro de 2022.
- Certificación acreditativa de que o Concello de Vigo está ao corrente das obrigas tributarias fronte á AEAT.
- Certificación acreditativa de que o Concello de Vigo está ao corrente das obrigas tributarias fronte á Axencia Tributaria de Galicia.
- Certificación acreditativa de que o Concello de Vigo está ao corrente das obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social.



## Concello de Vigo

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LTAIBG).
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF)
- Regulamento de organización e funcionamento do Centro Asociado da UNED en Pontevedra.
- Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2022.
- Instrución 1/2019 da Secretaría de Goberno Local: funcionamento do rexistro electrónico de data 21/02/2019

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**1.- Obxecto:** O presente expediente ten por obxecto a aprobación dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para o desenvolvemento do proxecto “Ruta Laxeiro” para dar a coñecer os lugares de Vigo vencellados coa figura do pintor, co fin de divulgar entre os escolares e a cidadanía en xeral os vínculos que tivo este importante pintor galego coa cidade.

O Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra buscan colaborar en distintos ámbitos de interese recíproco, que permita a ambas as partes acadar de maneira satisfactoria os seus fins institucionais, desenvolvendo accións que promovan a educación e a cultura . *Para este fin a Deputación Provincial de Pontevedra financiará unha contía máxima de doce mil oitocentos dez euros (12.810,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 22/942.9420.642.14 do orzamento provincial.*

### 2.- Réxime xurídico:

A Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público define no artigo 47.1 os convenios como os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os Organismos Públicos e Entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Atendendo ao apartado 2.a) deste mesmo artigo estamos ante un convenio interadministrativo, entendendo por tais os firmados entre dúas ou máis Administracións

Públicas, ou ben entre dous ou máis organismos públicos ou entidades de dereito público vinculados ou dependentes de distintas Administracións públicas, e que poderán incluír a utilización de medios, servizos e recursos doutra Administración Pública, Organismo Público ou Entidade de dereito público vinculado o dependente, para o exercicio de competencias propias ou delegadas.

Mediante este convenio a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo manifestan a súa vontade de colaboración para dar a coñecer a figura de Laxeiro establecendo un percorrido polos lugares vencellados co artista no Concello de Vigo.

**3.- Requisitos de validez e eficacia:** O artigo 48 da Lei 40/2015 habilita ás Administracións Públicas para celebrar convenios con persoas tanto de dereito público como privado.

No que á Administración Local se refire o art. 57 da Lei 7/1985 dispón que *“A cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, se desenvolverá con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar en todo caso, mediante os consorcios e convenios administrativos que se asinen”*.

O citado artigo 48 da Lei 40/2015 recolle os requisitos de validez e eficacia: O convenio non pode supoñer cesión de titularidade da competencia. Debe mellorar a eficacia da xestión pública ao facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos. Cando inclúa compromisos financeiros para a administración axustarase ao disposto na lexislación orzamentaria. As achegas financeiras que se comprometan a realizar os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio.

O convenio perfeccionase pola prestación do consentimento das partes e deberá incluír os contidos mínimos establecidos no artigo 49 da Lei 40/2015, concretando as obrigas das partes asinantes do convenio e o prazo de vixencia.

A tramitación do procedemento axustase ás previsións do artigo 50 da Lei 40/2015, incorpórase unha memoria xustificativa na que se recolle a oportunidade do convenio e o carácter non contractual da actividade.

**4.- Competencia:** O Concello de Vigo ten competencias para a xestión dos seus intereses e para promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal de Vigo, en virtude do sinalado no artigo 25 da Lei 7/1985. Este precepto recolle tamén como competencias propias do municipio a ocupación do tempo libre e a promoción da cultura e equipamentos culturais.

**5.- Suxeitos que asinan o convenio e capacidade xurídica coa que actúan:**

Por unha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local que lle atribúe a máxima representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado da Área de Educación.



## Concello de Vigo

Pola outra parte, asinará o convenio dona María Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación de Pontevedra á quen corresponde representar á Deputación conforme dispón o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, (LRBRL).

### **6.- O outorgamento da subvención (art. 48.7 LXS)**

O convenio instrumentaliza a concesión dunha subvención (artigo 2.1 da LSG) polo que de conformidade co artigo 48.7 da LRXSP deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na normativa autonómica de desenvolvemento que no ámbito da Comunidade Autónoma ven determinada pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e regulamento de desenvolvemento (artigo 47.8).

O convenio acomódase substancialmente ás previsións do artigo 65.3 do RD 887/2016, polo que se aproba o Regulamento da LXS e 37 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia. A proposta dde convenio recolle os seguintes extremos:

- a) Crédito orzamentario ao que se lle imputa o gasto por parte da Deputación e a contía da subvención individualizada.
- b) Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- c) Modo de pago da subvención.
- d) Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos.
- e) Obrigación da entidade beneficiaria de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Provincial, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**7.- Tramitación electrónica:** En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), a Universidade está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

**8.-Transparencia:** O convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de Transparencia.

**9.- Recursos:** De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985 e 210.a) do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso

contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Á vista do exposto, coa conformidade dos concelleiros delegados das Áreas de Educación e de Orzamentos e Facenda, e previa fiscalización da Intervención xeral, de conformidade co artigo 127.1. g) da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

**ACORDO:**

- Aprobar o texto do proxecto de convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para o desenvolvemento do proxecto “Ruta Laxeiro” para dar a coñecer os lugares da cidade de Vigo vencellados coa figura do pintor.
- Facultar ao concelleiro delegado da Área de Educación para asinar o citado convenio para o caso de ser necesaria a substitución do Alcalde-Presidente.
- Notificar á Deputación Provincial de Pontevedra a aprobación do convenio de colaboración proposto

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**“PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO “RUTA LAXEIRO EN VIGO”**

**INTERVEÑEN**

Dunha parte, dona María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal que da mesma lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).

Doutra, don Abel Caballero Álvarez, alcalde-presidente do Concello de Vigo, na representación legal que do mesmo lle atribúe o artigo 124.4.a) do mesmo texto legal.

E actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da administración municipal do Concello de Vigo, e don Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que ten lugar.

Recoñécense mutuamente os comparecentes a capacidade e a representación necesaria para a sinatura do presente convenio de colaboración e, a estes efectos,

**EXPOÑEN**

I. Que a promoción da cultura e equipamentos culturais se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da LRBRL, e aos municipios galegos no ar-



## Concello de Vigo

tigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).

Pola súa banda a lexislación vixente en materia de réxime local, concretamente no artigo 31 da LRBRL, encomenda ás Deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de conformidade coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

Así mesmo, o artigo 118 da LALGA atribúe ás Deputacións Provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos, cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos e, en especial, organización de concursos e exposicións ou de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

II. Que o Concello de Vigo amosou o interese en realizar un proxecto de sinalización dos lugares máis emblemáticos da estadía do pintor Laxeiro na cidade de Vigo, co fin de divulgar entre a cidadanía os vínculos que tivo este importante pintor galego coa cidade.

III. Que a Deputación Provincial, nos orzamentos do ano 2022, contempla unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital, para convenios co Concello de Vigo.

IV. Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento da colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial que ten como un dos seus obxectivos estratéxicos o apoio ás iniciativas de fomento de actividades culturais, acordan aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os intervenientes, con arranxo ás seguintes

### CLÁUSULAS

#### **PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO**

O obxecto deste convenio é establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións locais para o financiamento do desenvolvemento do proxecto "Ruta Laxeiro en Vigo".

O proxecto consta de dúas partes:

- Realización e instalación de once placas de bronce conmemorativas.
- Realización dun mapa web.

#### **SEGUNDA. IMPORTE E FINANCIAMENTO**

O custo total da actuación obxecto deste convenio ascende a doce mil oitocentos dez euros (12.810,00 €), IVE incluído.

A Deputación Provincial financiará unha contía máxima de doce mil oitocentos dez euros (12.810,00€), sendo gastos admisibles os que de xeito indubitado respondan á natureza da

actuación conveniada e se realicen ata a data do 30 de abril de 2023. A achega da Deputación Provincial financiarase con cargo á aplicación 22/942.9420.762.14 do orzamento provincial.

A achega comprometida pola Deputación consiste nunha contía fixa máxima, e no caso de que as actuacións realizadas teñan un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade das actuacións, a contía da subvención reducirase proporcionalmente.

### **TERCEIRA. EXECUCIÓN DO CONVENIO**

A Administración municipal remitira á provincial a xustificación das actuacións recollidas no convenio de colaboración.

A Deputación Provincial poderá inspeccionar as actuacións obxecto do presente convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e ao responsable do contrato a emisión das ordes e instrucións que procedan.

### **CUARTA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE VIGO**

O Concello de Vigo comprométese a:

- Asumir individualmente a obriga do desenvolvemento das actuacións realizadas ao abeiro deste convenio.
- Aprobar as correspondentes memorias técnicas, pregos de cláusulas ou documentos análogos que conteñan as condicións dos contratos necesarios para a completa realización das actuacións programadas obxecto do convenio, así como calquera outro extremo que fose necesario para a súa execución.
- Asumir a obriga, de ser necesario, de obter os correspondentes permisos e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Difundir o evento a facer visible a colaboración da Deputación no seu financiamento.
- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
- Xustificar as actuacións executadas no prazo máximo de tres meses, dende o fin das actuacións, ante a Deputación.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

Así mesmo, cumprir coas obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén será de aplicación o establecido no seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e no seu Regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

- Comunicar á Deputación Provincial de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da





**Concello de Vigo**

súa contía.

#### **QUINTA. COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

A Deputación comprométese a financiar os custos derivados do convenio, ata a cantidade máxima de doce mil oitocentos dez euros (12.810,00€), IVE incluído, de conformidade co sinalado na cláusula segunda, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, así como da restante documentación xustificativa necesaria e logo da súa fiscalización pola Intervención provincial.

A Deputación prestará a colaboración e facilitará canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), e da Resolución Presidencial núm. 2017008767 de 8 de maio de 2017, tratándose así mesmo dun convenio cuxas achegas económicas non exceden de seiscientos mil euros (600.000,00€).

#### **SEXTA. PUBLICIDADE**

A acción obxecto de subvención deberá garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Vigo.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración, do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír ós principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da LXS.

#### **SÉTIMA. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS**

Conforme o disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da LSG, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo total da actuación subvencionada.

## **OITAVA. XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A documentación xustificativa a presentar polo Concello de Vigo, previa á realización do pago final, será a seguinte:

- a) Conta xustificativa dos gastos, na que figurará a relación do custo ou gasto total da finalidade subvencionada, detallando as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo.
- b) Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo dos custos ou gastos polo importe da subvención concedida.
- c) O acordo municipal de aprobación das facturas correspondentes.
- d) Declaración responsable de que os gastos que figuran na conta xustificativa se aplicaron á finalidade subvencionada. Así mesmo, indicárase que o resto de xustificantes da conta estarán a disposición da Deputación para o seu exame no caso de que sexa requirida.
- e) Memoria explicativa e detallada da realización da finalidade.
- f) Declaración das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, na que se indicará de ser o caso, a entidade concedente, data e importe total concedido.
- g) Declaración responsable de non estar a beneficiaria incurso en ningunha das causas previstas no artigo 10.2 da LSG para ser beneficiaria desta axuda.
- h) Xustificación da divulgación do financiamento da actuación por parte da Deputación.
- i) Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

## **NOVENA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento, entre outras funcións:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución do convenio a que este convenio se refire.
- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Propoñer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.
- Se xorden controversias na aplicación do convenio propoñerlles ás partes a súa resolución.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.



## Concello de Vigo

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designárase ao seu responsable e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.

### **DÉCIMA. VIXENCIA**

O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución das actuacións ás que o mesmo se refire, que en todo caso non excederá do 30 de abril de 2023, estendéndose o seu prazo de xustificación, como máximo, ata o 30 de xullo de 2023.

### **DÉCIMA PRIMEIRA. EXTINCIÓN DO CONVENIO**

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

1º O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.

2º O acordo unánime dos asinantes.

3º O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinala, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.

4º Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

### **DÉCIMA SEGUNDA. RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN**

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola LXS e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a LRXSP; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a LSG; os preceptos non básicos da LXS e do citado RD 887/2006; polas cláusulas que se conteñen neste convenio; polas Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de seguimento e control as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.”

**8(1061).- SEGUNDO OUTORGAMENTO DAS “AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS- 2022”. EXPTE. 18961/77.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 20/12/2022, dáse conta do informe-proposta de data 02/12/2022, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **Antecedentes:**

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 1 de abril de 2022, aprobou as Bases Reguladoras e Convocatoria das AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN 2022 (Expte. 18961/77).

As ditas bases se publicaron no BOPPO núm. 69, do 08.04.2022 e o extracto da convocatoria remitido pola BDNS no BOPPO núm. 70 do 11.04.2022 así como na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), promovéndose a concorrencia de solicitudes dende o día seguinte á súa publicación no BOP ata o 22/07/2022 (do 12/04/2022 ao 22/07/2022).

As bases da convocatoria das Axudas Municipais á Contratación establecen unha asignación orzamentaria por unha contía total de 150.000,00 € (cento cincuenta mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4700006 "Axudas á Contratación" dos orzamentos xerais do Concello de Vigo.

O concelleiro delegado de Cultura e Emprego, con data do 13/06/2022 resolveu nomear a Comisión de Valoración que preside de acordo coa base 4ª, apartado 4.2, que se reuniu na data do 26/07/2022 segundo consta na acta incorporada ao expediente, tendo formulado a correspondente proposta de resolución para adopción de acordo pola Xunta de Goberno Local, previa fiscalización do expediente.

A Comisión de valoración procedeu á avaliación das solicitudes presentadas nos termos do disposto na Base 4ª. *Procedemento de concesión das axudas, criterios obxectivos de adxudicación e órganos competentes para a instrución e resolución* deixando constancia do resultado da avaliación debidamente motivada na acta do 26/07/2022 e na acta do 07/09/2022 de rectificación dos erros de mecanización de datos detectados. elimínase o expediente 19267/77 na táboa de solicitudes denegadas por falta de dispoñibilidade orzamentaria por non corresponder a súa inclusión, corríxese o NIF dos expedientes 19145/77 e 19147/77, se corrixe a porcentaxe da xornada laboral do expediente 19169/77 contida na táboa (7) de desglose da contía a subvencionar, así como a mecanización do símbolo "%" nas táboas de desglose da contía a subvencionar do expediente 19159/77 e dos expedientes 19139/77 (2), 19152/77 (3) e 19187/77 (10), tal e como consta no expediente.

Segundo a base 4.1 Instrución e tramitación das axudas "*... a prelación na concesión de subvencións será só temporal, outorgándose segundo a orde de entrada, sempre que as empresas ou entidades beneficiarias reúnan os requisitos establecidos nas bases reguladoras e convocatoria e exista crédito orzamentario suficiente.*"

Como o montante total das solicitudes debidamente presentadas supera o orzamento previsto para tal fin, de conformidade coa base 4.1, procedeuse a ordenar segundo a orde de entrada de cada solicitude no Rexistro Xeral do Concello de Vigo. Segundo este orden, verificouse que cumpren os requisitos contidos nas bases reguladoras e convocatoria e, de conformidade coa base 2ª, apartados a.3. e b.3 *Tipos e contías da axuda*, se calcularon os importes a subvencionar para cada solicitante ata esgotar a cantidade asignada a cada programa de axudas, e a cantidade máxima autorizada de 150.000€.



# Concello de Vigo

## 1. PROGRAMA DE INCENTIVOS PARA A TRANSFORMACIÓN DE CONTRATOS TEMPORAIS EN INDEFINIDOS (PROGRAMA INDEFINIDOS):

Orde	Expte.	Solicitante	NIF	Prog. solicitado	Nº traballadores	Transfmc. contrato	Incremento colectivo			Incr. Dimens. empresa	Xorn. laboral	Axuda proposta	Axuda a conceder
							Idade	Muller	VVD				
1	19122/77	MOAN COMPOSTELA SL	B27851146	Indef	1	2.000,00 €	500,00€	0,00€	0,00€	500,00€	100%	3.000,00 €	3.000,00 €
3	19125/77	FOROX INNOVACIÓN SLU	B27742014	Indef	2	(1)	(1)	(1)	(1)	(1)	(1)	4.923,00 €	4.923,00 €
5	19129/77	CRECE DIGITAL BUSINESS SL	B27770320	Indef	1	2.000,00 €	0,00€	500,00€	0,00€	500,00€	100%	3.000,00 €	3.000,00 €
7	19131/77	FONTANERÍA CELSO FIGUEROA SL	B27828177	Indef	1	2.000,00 €	500,00€	0,00€	0,00€	500,00€	90%	2.700,00 €	2.700,00 €
8	19132/77	JONATAN ERIC FORIÑO	*8****15D	Indef	1	2.000,00 €	500,00€	500,00€	0,00€	500,00€	100%	3.500,00 €	3.500,00 €
9	19134/77	MIGUEL MARTINEZ CAMPOS SL	B36690899	Indef	1	2.000,00 €	500,00€	0,00€	0,00€	500,00€	100%	3.000,00 €	3.000,00 €
11	19137/77	ALFONSO FARO COSTA	76*9*****	Indef	1	2.000,00 €	500,00€	0,00€	0,00€	500,00€	100%	3.000,00 €	3.000,00 €
12	19138/77	CLINICA REY 2022 SL	B16833006	Indef	1	2.000,00 €	0,00€	500,00€	0,00€	500,00€	90%	2.700,00 €	2.700,00 €
13	19139/77	ANGEL PEREZ LOGISTICA DE DISTRIBUCION SL	B27783562	Indef	3	(2)	(2)	(2)	(2)	(2)	(2)	6.500,00€	6.500,00€
14	19140/77	MARIA JOSE ABANDONADO AVENDAÑO	*31*2****	Indef	1	2.000,00 €	500,00€	0,00€	0,00€	500,00€	100%	3.000,00 €	3.000,00 €
15	19141/77	LUCÍA DIZ BALLESTEROS	**1331***	Indef	1	2.000,00 €	500,00€	500,00€	0,00€	500,00€	80%	2.800,00 €	2.800,00 €
18	19144/77	NOE RIAL DOMÍNGUEZ	****259P	Indef	1	2.000,00 €	0,00€	500,00€	0,00€	500,00€	100%	3.000,00 €	3.000,00 €
19	19145/77	ANIBAL JOSE DOS RAMOS GUTIERREZ	3*****01Q	Indef	1	2.000,00 €	0,00€	0,00€	0,00€	0,00€	100%	2.000,00 €	2.000,00 €
20	19146/77	MONICA GARCIA AMOEDO	77****2A	Indef	1	2.000,00 €	0,00€	500,00€	0,00€	500,00€	87,5%	2.625,00 €	2.625,00 €
21	19147/77	EBANISTERIA EGAL SL	B27774264	Indef	1	2.000,00 €	0,00€	0,00€	0,00€	500,00€	100%	2.500,00 €	2.500,00 €
23	19149/77	IRIA PRADO COMESAÑA	531****X	Indef	1	2.000,00 €	500,00€	500,00€	0,00€	500,00€	50%	1.750,00 €	1.750,00 €
24	19150/77	ANGELA CATARINO OTERO	3945*****	Indef	1	2.000,00 €	0,00€	0,00€	0,00€	500,00€	50%	1.250,00 €	1.250,00 €
26	19152/77	SAN MARCO PESCA SL	B27855477	Indef	2	(3)	(3)	(3)	(3)	(3)	(3)	5.000,00 €	5.000,00 €
27	19153/77	SIBARITA VIGO SL	B42945709	Indef	1	2.000,00 €	0,00€	0,00€	0,00€	500,00€	100%	2.500,00 €	2.500,00 €
28	19154/77	A FONDA DO SOPAPO CB	E27881382	Indef	1	2.000,00 €	0,00€	500,00€	0,00€	500,00€	100%	3.000,00 €	3.000,00 €
31	19158/77	GESTIÓN TURÍSTICA DEL NOROESTE SL	B01592260	Indef	1	2.000,00 €	500,00€	500,00€	0,00€	0,00€	100%	3.000,00 €	3.000,00 €
32	19159/77	HAIR ESCUDO SL	B27878727	Indef	1	2.000,00 €	500,00€	500,00€	0,00€	500,00€	90%	3.150,00 €	3.150,00 €
34	19161/77	GASTRONOMÍA RAIANA SL	B94167962	Indef	1	2.000,00 €	0,00€	500,00€	0,00€	500,00€	100%	3.000,00 €	3.000,00 €
35	19162/77	ALEJANDRO PARGADA SILVA	**1382***	Indef	2	(4)	(4)	(4)	(4)	(4)	(4)	3.000,00 €	3.000,00 €
36	19163/77	UCALSA INDUSTRIAL VIGO SL	B27831825	Indef	1	2.000,00 €	500,00€	0,00€	0,00€	0,00€	100%	2.500,00 €	2.500,00 €
38	19165/77	URBARRIO SL	B36894608	Indef	1	2.000,00 €	0,00€	0,00€	0,00€	0,00€	100%	2.000,00 €	2.000,00 €

Orde	Expte.	Solicitante	NIF	Prog. solicitado	Nº traballadores	Transfmc. contrato	Incremento colectivo			Incr. Dimens. empresa	Xorn. laboral	Axuda proposta	Axuda a conceder
							Idade	Muller	VVD				
39	19166/77	MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO SL	B36641132	Indef	3	(5)	(5)	(5)	(5)	(5)	(5)	6.375,00 €	6.375,00 €
40	19167/77	DISAL-DISTRIBUCIONES ALBASER GALICIA SL	B36781235	Indef	2	(6)	(6)	(6)	(6)	(6)	(6)	4.500,00 €	4.500,00 €
41	19169/77	DOSAL FISIOTERAPIA Y READAPTACIÓN SL	B05387246	Indef	2	(7)	(7)	(7)	(7)	(7)	(7)	5.050,00 €	5.050,00 €
42	19170/77	GALLEGA DE ELECTRICIDAD VIGO SL	B36777647	Indef	1	2.000,00 €	500,00 €	0,00€	0,00€	500,00 €	100%	3.000,00 €	3.000,00 €
45	19173/77	CARPINTERIA NAVAL RIA DE VIGO SL	B94195757	Indef	1	(8)	(8)	(8)	(8)	(8)	(8)	2.019,23 €	2.019,23 €
46	19174/77	CLECE VITAM SA	A87045456	Indef	1	2.000,00 €	500,00€	500,00€	0,00€	0,00€	92.5%	2.775,00 €	2.775,00 €
47	19176/77	BELESAR-INVER SL	B27434521	Indef	2	(9)	(9)	(9)	(9)	(9)	(9)	2.100,00 €	2.100,00 €
48	19177/77	FERNANDO ALVAREZ TRONCOSO	****9439*	Indef	1	2.000,00 €	500,00 €	0,00€	0,00€	500,00 €	100%	3.000,00 €	3.000,00 €
49	19178/77	LAGAR 69 SL	B27822097	Indef	1	2.000,00 €	0,00€	500,00 €	0,00€	0,00€	100%	2.500,00 €	2.500,00 €
50	19179/77	IMPRIMEVERDE SL	B27853134	Indef	1	2.000,00 €	0,00€	500,00 €	0,00€	500,00 €	50%	1.500,00 €	1.500,00 €
51	19180/77	PESCIRO SLU	B62547534	Indef	1	2.000,00 €	0,00€	500,00 €	0,00€	0,00€	100%	2.500,00 €	2.500,00 €
53	19185/77	EL JULIANA ESPACIO GASTRONOMICO SL	B27835149	Indef	1	2.000,00 €	500,00 €	500,00 €	0,00€	500,00 €	82,5%	2.887,50 €	2.887,50 €
54	19187/77	RECALVI SL	B36628931	Indef	2	(10)	(10)	(10)	(10)	(10)	(10)	4.500,00 €	4.500,00 €
55	19188/77	RECAMBIOS OCHOA SL	B36049757	Indef	1	2.000,00 €	0,00€	0,00€	0,00€	0,00€	100%	2.000,00 €	2.000,00 €
57	19190/77	GESTIÓN HOTELERA ONIX VIGO SL	B27780188	Indef	1	2.000,00 €	500,00 €	0,00€	0,00€	0,00€	80%	2.000,00 €	1.895,27€*
<b>TOTAL</b>											125.104,73 €	<b>125.000,00€</b>	

\*Contía que esgota a partida orzamentaria disposta

1) DESGLOSE DA CONTÍA A SUBVENCIONAR Á EMPRESA FOROX INNOVACIÓN SL (expte. 19125/77) SEGUNDO A TÁBOA:

Orde	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Iniciais traballador/a	Transformc. contrato	Incremento colectivo			Xornada laboral	Axuda a conceder
							Idade	Muller	VVD		
3	19125/77	FOROX INNOVACIÓN SL	B27742014	Indefinidos	ILS	2.000,00 €	500,00 €	500,00 €	0,00€	64,10%	1.923,00 €
					CML	2.000,00 €	500,00 €	500,00 €	0,00€	100%	3.000,00 €
					<b>Incremento dimensión empresa</b>				NON	100%	0,00 €
<b>Total a conceder</b>										<b>4.923,00 €</b>	

(2) DESGLOSE DA CONTÍA A SUBVENCIONAR Á EMPRESA ANGEL PÉREZ LOGÍSTICA DE DISTRIBUCIÓN SL (EXPTE. 19139/77) SEGUNDO A TÁBOA:

Orde	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Iniciais traballador/a	Transformc. contrato	Incremento colectivo			Xornada laboral	Axuda a conceder
							Idade	Muller	VVD		
13	19139/77	ANGEL PÉREZ LOGÍSTICA DE DISTRIBUCIÓN SL	B27783562	Indefinidos	JAAV	2.000,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00€	100%	2.000,00 €
					AJHC	2.000,00 €	500,00 €	0,00€	0,00€	100%	2.500,00 €



## Concello de Vigo

Orde	Expte.	Solicitante	NIF	Programa a solicitação	Iniciais traballador/a	Transformc. contrato	Incremento colectivo			Xornada laboral	Axuda a conceder
							Idade	Muller	VVD		
					JMA	2.000,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00€	100%	2.000,00 €
					Incremento dimensión empresa				NON	100%	0,00 €
<b>Total a conceder</b>											<b>6.500,00 €</b>

### (3) DESGLOSE DA CONTÍA A SUBVENCIONAR Á EMPRESA SAN MARCO PESCA SL (EXPTE. 19152/77) SEGUNDO A TÁBOA:

Orde	Expte.	Solicitante	NIF	Programa a solicitação	Iniciais traballador/a	Transformc. contrato	Incremento colectivo			Xornada laboral	Axuda a conceder
							Idade	Muller	VVD		
26	19152/77	SAN MARCO PESCA SL	B27855477	Indefinidos	JARM	2.000,00 €	500,00 €	0,00 €	0,00€	100%	2.500,00 €
					AGL	2.000,00 €	500,00 €	0,00€	0,00€	100%	2.500,00 €
					Incremento dimensión empresa				NON	100%	0,00 €
<b>Total a conceder</b>											<b>5.000,00 €</b>

### (4) DESGLOSE DA CONTÍA A SUBVENCIONAR Á EMPRESA ALEJANDRO PARGA DA SILVA (EXPTE. 19162/77) SEGUNDO A TÁBOA:

Orde	Expte.	Solicitante	NIF	Programa a solicitação	Iniciais traballador/a	Transformc. contrato	Incremento colectivo			Xornada laboral	Axuda a conceder
							Idade	Muller	VVD		
35	19162/77	ALEJANDRO PARGA DA SILVA	**1382***	Indefinidos	BPV	2.000,00 €	0,00 €	500,00€	0,00€	50%	1.250,00 €
					MFG	2.000,00 €	500,00€	500,00€	0,00€	50%	1.500,00 €
					GMMP(*)	0,00 €	0,00€	0,00€	0,00€	50%	0,00 €
					Incremento dimensión empresa				SI	50%	250,00 €
<b>Total a conceder</b>											<b>3.000,00 €</b>

(\*) Incumpre Base a.1 e a.2.8: duración efectiva do contrato previo á transformación inferior a 3 meses.

### (5) Desglose da contía a subvencionar á empresa MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO SL (expte. 19166/77) segundo a táboa:

Orde	Expte.	Solicitante	NIF	Programa a solicitação	Iniciais traballador/a	Transformc. contrato	Incremento colectivo			Xornada laboral	Axuda a conceder
							Idade	Muller	VVD		
39	19166/77	MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO SL	B36641132	Indefinidos	SDF(*)	0,00 €	0,00 €	0,00€	0,00€	100%	0,00 €
					PEG	2.000,00 €	500,00 €	0,00 €	0,00€	100%	2.500,00 €
					NFA	2.000,00 €	500,00 €	500,00€	0,00€	62,5%	1.875,00 €
					FJAV	2.000,00 €	0,00 €	0,00€	0,00€	100%	2.000,00 €
					Incremento dimensión empresa				NON	100%	0,00 €
<b>Total a conceder</b>											<b>6.375,00 €</b>

(\*) Desiste da solicitude de axuda deste traballador por non cumprir cos requisitos da convocatoria.

### (6) DESGLOSE DA CONTÍA A SUBVENCIONAR Á EMPRESA DISAL-DISTRIBUCIONES ALBASER GALICIA SL (EXPTE. 19167/77) SEGUNDO A TÁBOA:

Orde	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Iniciais traballador/a	Transform. c. contrato	Incremento colectivo			Xornada laboral	Axuda a conceder
							Idade	Muller	VVD		
40	19167/77	DISAL-DISTRIBUCIONES ALBASER GALICIA SL	B36781235	Indefinidos	AMF	2.000,00 €	0,00 €	0,00€	0,00€	100%	2.000,00 €
					DMP	2.000,00 €	500,00 €	0,00 €	0,00€	100%	2.500,00 €
Incremento dimensión empresa									NON	100%	0,00 €
<b>Total a conceder 4.500,00 €</b>											

(7) DESGLOSE DA CONTÍA A SUBVENCIONAR Á EMPRESA DOSAL FISIOTERAPIA Y READAPTACIÓN SL (EXPTE. 19169/77) SEGUNDO A TÁBOA:

Orde	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Iniciais traballador/a	Transform. c. contrato	Incremento colectivo			Xornada laboral	Axuda a conceder
							Idade	Muller	VVD		
41	19169/77	DOSAL FISIOTERAPIA Y READAPTACIÓN SL	B05387246	Indefinidos	EFVB	2.000,00 €	500,00 €	500,00 €	0,00€	80%	2.400,00 €
					APF	2.000,00 €	500,00 €	500,00 €	0,00 €	75%	2.250,00 €
Incremento dimensión empresa									SI	80% (*)	400,00 €
<b>Total a conceder 5.050,00 €</b>											

(\*) **Observación:** como criterio xeral se considera a porcentaxe da persoa traballadora con maior xornada laboral.

(8) DESGLOSE DA CONTÍA A SUBVENCIONAR Á EMPRESA CARPINTERÍA NAVAL RÍA DE VIGO SL (EXPTE. 19173/77) SEGUNDO A TÁBOA:

Orde	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Iniciais traballador/a	Transform. c. contrato	Incremento colectivo			Xornada laboral	Axuda a conceder
							Idade	Muller	VVD		
45	19173/77	CARPINTERÍA NAVAL RÍA DE VIGO SL	B94195757	Indefinidos	JMOR (*)	0,00 €	0,00 €	0,00€	0,00€	100%	0,00 €
					MPR (**)	2.000,00 €	500,00 €	0,00€	0,00€	100%	2.019,23 €
Incremento dimensión empresa									NON	100%	0,00 €
<b>Total 2.019,23 €</b>											

(\*) **Incumpre Base a.1 e a.2.8:** duración efectiva do contrato previo á transformación inferior a 3 meses.

(\*\*) **Contía resultante correspondente a un contrato indefinido fixo discontinuo**

(9) Desglose da contía a subvencionar á empresa BELESAR-INVER SL (expte. 19176/77) segundo a táboa:

Orde	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Iniciais traballador/a	Transform. c. contrato	Incremento colectivo			Xornada laboral	Axuda a conceder
							Idade	Muller	VVD		
47	19176/77	BELESAR-INVER SL	B27434521	Indefinidos	GLG (*)	0,00 €	0,00 €	0,00€	0,00€	100%	0,00 €
					GPAV	2.000,00 €	500,00 €	500,00 €	0,00€	60%	1.800,00 €
Incremento dimensión empresa									SI	60%	300,00 €
<b>Total a conceder 2.100,00 €</b>											

(\*) **Incumpre Base a.1 e a.2.4:** a persoa traballadora pola que se solicita a axuda non ten o empadroamento en Vigo

(10) DESGLOSE DA CONTÍA A SUBVENCIONAR Á EMPRESA RECALVI SL (EXPTE. 19187/77) SEGUNDO A TÁBOA:

Orde	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Iniciais traballador/a	Transform. c. contrato	Incremento colectivo			Xornada laboral	Axuda a conceder
							Idade	Muller	VVD		
54	19187/77	RECALVI SL	B36628931	Indefinidos	BCD	2.000,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00€	100%	2.000,00 €





## Concello de Vigo

Orde	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Iniciais traballador/a	Transform. contrato	Incremento colectivo			Xornada laboral	Axuda a conceder
							Idade	Muller	VVD		
					AMP	2.000,00 €	0,00 €	500,00 €	0,00€	100%	2.500,00 €
					Incremento dimensión empresa				NON	100%	0,00 €
<b>Total a conceder</b>											<b>4.500,00 €</b>

### 2. PROGRAMA DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN (Programa Contratacións)

Orde	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Nº contratos	Tipo contrato	Incremento colectivo	Incremento dimensión empresa	Xornada laboral	Axuda proposta	Axuda a conceder	
2	19124/77	FISHING GROUND SEAFOOD SL	B27830744	Contratac.	1	3.000,00 €	400,00€	0,00€	75%	2.550,00 €	2.550,00 €	
33	19160/77	MORDESTE FOODS SL	B02772861	Contratac	1	3.000,00 €	400,00€	500,00€	100%	3.900,00 €	3.900,00 €	
61	19195/77	EVA ANTÓN GONZÁLEZ	36****2H	Contratac	1	3.000,00 €	400,00€	500,00€	100%	3.900,00 €	3.900,00 €	
102	19256/77	SIRVENT SL	B36615417	Contratac	1	3.000,00 €	0,00 €	500,00€	100%	3.500,00 €	3.500,00 €	
104	19260/77	MARÍA JESUS ESTEVEZ MAGARIÑOS	361****C	Contratac	1	3.000,00 €	400,00€	500,00€	100%	3.900,00 €	3.900,00 €	
107	19266/77	SIBARITA VIGO SL	B42945709	Contratac	2	(11)	(11)	(11)	(11)	6.400,00 €	6.400,00 €	
108	19267/77	ROBERTO RODRIGUEZ REGUERA	*6119***	Contratac	1	1.500,00 €	200,00 €	500,00 €	100%	2.100,00 €	850,00 € (*)	
